

**ACTA NÚMERO 08/08**  
**XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO**  
**E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

<p>ASISTENTES</p> <p><b><u>POLA DIRECCIÓN:</u></b></p> <p>D. CARLOS EIREA EIRAS D<sup>a</sup>. SUSANA ALDECOA LANDESA D<sup>a</sup>. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D. FERNANDO I. LAGO DEIBE D<sup>a</sup>. PILAR SILVEIRA RODRIGUEZ D<sup>a</sup>. BELEN VAZQUEZ PACHECO D<sup>a</sup>. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO</p> <p><b><u>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</u></b></p> <p>D. XOSE L. MARTINEZ FERNANDEZ-CSI-CSIF D. CARLOS VARELA VIGO-CSI-CSIF D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO. D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA D<sup>a</sup>. ROSALINA ALONSO GONZALEZ-SAE D. JOSE M. BREÁ FEIJOO-O'MEGA D<sup>a</sup> HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D<sup>a</sup>. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D<sup>a</sup>. ALAZNE ACHALANDABASO CUBAS-UGT D. JORGE QUINTANA MIRON-UGT D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ELENA SANCHEZ RODRIGUEZ-USAE D<sup>a</sup>. PURIFICACION VILLAR DE TORO- SGPS D. RAMON LLORENTE SANMARTIN-CIG D. MANUEL GONZÁLEZ MOREIRA - CIG</p>	<p>En Vigo, ás dez horas e quince minutos do día dezanove de novembro de dous mil oito, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
--	--

**-- ORDE DO DÍA --**

1. Paxina WEB XAP VIGO
2. Cursos e Formación XAP
3. Retinógrafos
4. Prazas Plan Mellora
5. Mobilidade interna
6. Abono dos acordos de Primaria
7. PACs: cobertura e obrigatoriedade. Sábados.
8. Central de Chamadas Coia
9. Tramitacións: Visado de receitas, modelos H-1

**PUNTO PRIMEIRO.- COBERTURA AUSENCIAS DE PAC POR MÉDICOS DE ORDINARIA, EXPLICACIÓN DE QUE SE TEN NEGOCIADO COS XEFES DE SERVIZO, ASÍ COMO DA COMISIÓN CREADA PARA REFORMAR AS URXENCIAS DA ÁREA (Punto 8- Comisión de Centro)**

- XERENCIA: Non existe comisión para reformar as urxencias da area, existe un primeiro estudo de ir xerando algún concepto de ordenación de urxencias en grandes cidades é unha fase de ocorrencias, non en urxencias da area, e comentouse nas reunións de xefes de servizo para que aportasen ideas co o fin de pensar se sería factible crear un marco asistencial diferente para organizar a urxencia extrahospitalaria.
- CC.OO.: Pregunta se pódese desmentir que hai unha comisión de traballo constituída pola xerencia o 13 de outubro de 2008.
- XERENCIA: Non hai ningunha comisión, houbo unha reunión dun grupo de traballo cunha serie de xente que convocou a xerencia, pero non é un órgano constituído formalmente, se a tormenta de ideas toma visos de poder concretarse participaría a comisión de centro.

**PUNTO SEGUNDO.- MOBILIDADE INTERNA (Punto 1 e 3 - Comisión de Centro e Punto 5 - XAP)**

- COMISION DE CENTRO: Coa incorporación de CT e OPE, persoal que traballa en quenda de tarde pasou a traballar de mañá.
- XERENCIA: ¿Onde?
- UXT: Na Guarda: unha comisión de servizo (Rosa Castro) praza de Crisanto Sanmartin, quenda tarde, e agora pasou á mañá.

Matamá: Unha substitución IT que debería haber cesado e segue.

- XERENCIA: Non hai ningún caso de mobilidade saltando dunha praza a outra (o único que pode haber é adaptación de quenda facilitando o deslizamento).

Na Guarda, está en comisión de servizo en quenda de mañá, está cubrindo unha reserva dunha situación especial en activo dunha enfermería que non se incorporou co CT.

Vaise a proceder tal e como quedouse en reunións previas, resolvíase OPE e CT, e as comisión de servizo analizaríanse para a cobertura das restantes praza do plan mellora.

Soamente deuse una comisión de servizo dun PSX porque se entende xustificada e non hai prazas de PSX neste plan mellora ata o próximo ano.

- COMISION DE CENTRO: Fai entrega da proposta do documento elaborado para o concurso e mobilidade interna provisional en Atención Primaria. (*xúntase á Acta*)

- XERENCIA: Estudarse e tratarase na próxima reunión.
- COMISIÓN DE CENTRO: Solicita se lle de información de casos que por necesidade sexa urxente, como a comisión de servizo do PSX, A Guarda e todas aqueles cambios de ubicacións que se produzan por adaptacións.

### **PUNTO TERCEIRO.- PAXINA WEB (Punto 1 - XAP)**

- FERNANDO LAGO: Presenta a paxina Web da Xerencia ([www.sergas.es/MostrarContidos\\_Portais.aspx?IdPaxina=50300](http://www.sergas.es/MostrarContidos_Portais.aspx?IdPaxina=50300))

### **PUNTO CUARTO.- CURSOS E FORMACIÓN XAP (Punto 18 - Comisión de Centro e Punto 2 - XAP)**

- COMISIÓN DE CENTRO: Os profesionais non se decatan da formación pola vía que se usa para comunicala.
- XERENCIA: Enviase aos responsables de formación de médicos, enfermería e nalgúns centros ao persoal non sanitario.
- SATSE: Non funciona, hai que avisar aos profesionais, se se comunica á comisión de centro, tamén poderían informar.
- XERENCIA: Colgarase na WEB e enviarase aos sindicatos.

Informa dos tipos de curso que se dan e a forma de elección dos admitidos, como se programan as actividades, e como se detectan as necesidades.

No 2005, enquisa ao 100% dos profesionais, contestaron o 15 %.

No 2006, coa OPE entregouse enquisa formativa

No 2007, a enquisa a fixo a Consellería que non deu resposta concreta

No 2008, fixéronse grupos de informadores claves

E ademais dáse formación por necesidades que van xurdindo, programa novo a centros que van comezar.

Detección necesidades de formación que detecta o hospital ao colectivo implicado.

### **PUNTO QUINTO.- RETINOGRAFOS (Punto 4 - Comisión de Centro e Punto 3 - XAP)**

Proxecto de Asistencia Sanitaria para toda a Comunidade Autónoma con idea de que a retinografía de pacientes diabéticos tipo II, fágase nos centros de saúde dotados de retinógrafo, que serán referentes para outros centros de saúde.

Tomase a imaxe por enfermeiros en prolongación de xornada e o médico ve a imaxe dos seus pacientes, está no IANUS en probas complementarias.

Temos 6 retinógrafos, insuficiente para a área, hai compromisos de darnos máis:

- Redondela
- Tui
- Porriño
- Cangas
- Val Miñor: prestado en Sárdoma
- Ponteareas

A formación fíxose nun curso a través de MESTRE e haberá un segundo curso en xaneiro.

O curso presencial nos propios centros foi para enfermeiras que querían facer a técnica.

Fai falta un oftalmólogo de referencia hospitalaria por si hai dubida, o Hospital do Meixoeiro deu referente, o Hospital Xeral pendente e en POVISA ten un problema técnico de momento.

Inicio do programa en xaneiro e pretendemos facer as probas en decembro.

Esta semana dixéronnos que Redondela non quere facer a técnica, estamos pendente de confirmación por parte do Xefe de Servizo e se realmente non o queren levaríase a Teis que o están demandando.

- COMISIÓN DE CENTRO: Solicita que oftalmoloxía este próxima aos profesionais, ter un oftalmólogo consultor que sexa fácil contactar con el.

#### **PUNTO SEXTO.- PLAN MELLORA 2008 (Punto 2 - Comisión de Centro e Punto 4 - XAP)**

Entrégase información das prazas que se foron cubrindo (*xuntase a acta*) e unha vez que se termine o proceso OPE darase información da posible cobertura das restantes.

#### **PUNTO SETIMO.- ABONO DOS ACORDOS DE PRIMARIA (Punto 5 e 11 - Comisión de Centro e Punto 6 - XAP)**

- XERENCIA: Neste mes de novembro vanse a producir algún abono do acordo.  
Queda fora: Intersubstitución de pediatras, ATS, odontólogos e fisioterapeutas  
    Calculo xornada complementaria, as modificacións puxéronas no aplicativo está semana.  
    Intersubstitución médicos xerais segundo o acordo.

Anticipo de incentivos á voluntariedade, o aplicativo está pendente pero a xerencia vai a abonar a cantidade a conta.

- O'MEGA: O acordo marco cando se abona.
- XERENCIA: As previsións son que se comprometerá o gasto en decembro e abonarase en xaneiro.

### **PUNTO OITAVO.- PAC's (Punto 7 - Comisión de Centro e Punto 12 - XAP)**

- XERENCIA: Nas reunións con xefes de servizo que se tratou o tema intentouse explicar o método que se segue.

A información sobre a obrigatoriedade dásele aos xefes de servizo en papel todos os meses, co fin de preservar a confidencialidade e a pesar disto hai unha serie de firmas de profesionais alegando desinformación e pedindo mais transparencia.

Acordase convocar dúas reunións para o día 27, as 10 horas e as 18 horas, que esta aberta a todos os profesionais, onde a xerencia dará as explicacións que demandan.

Díxoselles aos xefes de servizo que transmitiran aos seus profesionais que aquel que queira facer o seu tramo de obrigatoriedade en gardas completas que o comunicase, pero de momento non chegou nada neste sentido.

#### ▪ **XORNADA DE SABADOS**

- XERENCIA: Imos a incluír en Vigo ás auxiliares de enfermería, hai demanda dos profesionais que están os sábados de mañá de que traballe unha columna de auxiliares de enfermería para que o material quede en condicións.
- COMISION DE CENTRO: O estudaran.
- CC.OO.: Cree que falta xente nos listados e ademais cando una persoa ten que cubrir una ausencia, como reserva, se lle toca quenda a semana seguinte ¿vai?
- XERENCIA: Si, ao que está de reserva díxoselle que estaba de garda senón ten que ir mellor.
- CC.OO.: Habería que establecer un mecanismo corrector.
- XERENCIA: Estudarase

#### ▪ **OBRIGATORIEDADE**

- CEMS: Unha vez publicado a orde de DOG de xuño ¿Antes de obrigar estase chamando a médicos de ordinaria e médicos de PAC que firmaron voluntariedade ata cumprir 2.090 horas/ano.
- XERENCIA: Estase aplicando o acordo pactado coa comisión de centro anterior á publicación do DOG.

- O'MEGA: desde a publicación en DOG, este sindicato está solicitando a aplicación do acordo.
- XERENCIA: Na comisión de seguimento acordouse que cada xerencia seguira cos seus acordos ata que a comisión de seguimento estableza uns criterios básicos comúns a toda Galicia.
- 
- CIG: A comisión de seguimento esta pendente de explicitar os criterios básicos de obrigatoriedade, xa que os acordos de PAC e ordinaria se contradixen.
- CEMS: Agora hai unha discriminación absoluta entre persoal de ordinaria e PAC.

**PUNTO NOVENO.- CENTRAL DE CHAMADAS COIA (Punto 6 - Comisión de Centro e Punto 8 - XAP)**

- XERENCIA: Houbo unha reunión onte do xerente e a directora de xestión cos profesionais da central de chamada onde se falou de que pasaría cando comece a Central de chamadas a nivel autonómico:

Alternativas:

- o Reconverter a función que ata agora están realizando noutra, mantendo a central.
- o Voluntariamente si se queren ir algún centro.

Sobre as posibles funcións estanse barallando, hai proxectos que están verdes.

- CC.OO: ¿Pensouse en manter a central de chamadas coas funcións que teñen neste momento? ¿Por que hai que privatizalo?
- XERENCIA: Hai un proxecto institucional da Consellería, no seu conxunto, co fin de liberar ao persoal dos centros de saúde para que fixeran outras funcións.
- O'MEGA: Posibilidade de que a central do chamadas reasigne citas.
- XERENCIA: A central de chamadas non ten capacidade para asumir todas as reasignacións de citas.

**PUNTO DECIMO.- TRAMITACIÓNS: VISADO DE RECEITAS, MODELOS H -1 ... (Punto 15 e 17 - Comisión de Centro e Punto 9 - XAP)**

• VISADO DE RECETAS

- XERENCIA: Descoñecemos que haxa problemas co visado, non hai normas novas.
- O'MEGA: Incongruencia entre IANUS e farmacéutico, en IANUS non está actualizado os fármacos que necesitan visado e nin os fármacos retirados.

• MODELO H - 1

- XERENCIA: É necesario para poder proceder á facturación.

**PUNTO ONCE.- COBERTURA MEDICOS INHABILITADOS DAS NEVES. SOLICITASE INFORMACIÓN AO RESPECTO (Punto 9 - Comisión de Centro).**

- XERENCIA: A sentenza é firme pero está suspensa de execución da mesma ata que se resolva o indulto que solicitaron.

**PUNTO DOCE.- ELECTROCARDIÓGRAFO ESTRAGADO EN REDONDELA. SOLICITASE A SU SUBSTITUCIÓN (Punto 9 - Comisión de Centro)**

A un representante da Comisión de Centro dinlle que están estragados os dous e á subdirectora de enfermería dixéronlle que non .

Aclararase

**PUNTO TRECE.- HABITÁCULO EXTRACCIONS COIA: TEMA XA TRATADO CON ANTERIORIDADE E NO QUE SE SEGUE SEN TOMAR MEDIDAS (Punto 13 - Comisión de Centro)**

- XERENCIA: Xa está aclarado e no centro decidiron que de momento non pasan para alá.

**PUNTO CATORCE.- SOLICITUDE DO ÚLTIMO INFORME DE INSPECCIÓN LEVADA A CABO POLA UPRL NO PAC BOLIVIA ANTE AS DEFICIENCIAS ESTRUCTURAIS E O INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE SEGURIDADE NO MESMO (Punto 14 - Comisión de Centro)**

- COMISION DE CENTRO: Entenden que hai deficiencias estruturais polo que solicitan o informe.
- XERENCIA: Non o temos, falouse na UPRL e vano a facer, cando o teñamos facémosvolo chegar.

**PUNTO QUINCE.- PROBLEMA DE MANTEMENTO NOS CENTROS. ¿QUEN É O ENCARGADO DE LABORES DE MANTEMENTO SINXELAS, TALES COMO SUSTITUCION DE BOMBILLAS, ETC? PARECE SER QUE ALGUNS CENTROS A CONTRATA DE LIMPEZA SE OCUPA DESTAS TAREFAS. (Punto 16 - Comisión de Centro)**

- COMISIÓN DE CENTRO: Quere saber se a contrata da limpeza encargase do mantemento en todos os centros.
- XERENCIA: En centros municipais a contrata de limpeza non é nosa.

A contrata de limpeza ofertou unha mellora de 10 horas ao mes, pero con iso non se chega a todos os centros.

### **PUNTO DEZASEIS.- VARIOS**

Adaptación de posto de traballo dunha auxiliar administrativo do servizo de persoal; a UPRL deulle a adaptación por seis meses, o seu lugar ocúpase por unha persoa que veu en concurso de traslados, a persoa a que se lle adapta o posto ofreceuselle unha reserva en Rosalía de Castro e en Lavadores, elixiu Rosalía.

⇒ **PAC** – Resposta da Comisión de Centro as cuestións formuladas na reunión do luns 17 de novembro

1.- A bolsa de horas restantes:

1º) Respectase o límite inferior do tramo solicitado aos voluntarios que xa habían manifestado voluntariedade en ofertas anteriores.

- Tramo A: ao menos 230 horas
- Tramo B: ao menos 280 horas
- Tramo B ampliado: ao menos 550 horas.

2º) Se quedan horas, repártense proporcionalmente ao tramo solicitado entre todos os voluntarios previo, sumando ao seu tramo respectado.

3º) Respectase calquera acordo unánime entre os implicados diferente ao anterior.

2.- Voluntariedade: ofertase de novo a:

1. Os profesionais que solicitaron horas e cambiaron de ámbito de PAC na OPE- Concurso de Traslados. Si hai horas restantes.
2. Os que non tiveron oferta previa.

3.- Proponen ofertar a todos os profesionais ser incluídos nunha lista para incidencias a pagar a 24 €/h

**PROPOSTA DA COMISIÓN CENTRO para as horas non estruturais.**

Facer oferta de voluntariedade de horas non estruturais e no seu momento realizar un listado de persoal que están dispostos a cubrilas e si chegan a facer o que marca o incentivo abonarse o incentivo ou a parte proporcional que corresponde.

Remata a reunión as catorce horas e corenta e cinco minutos do día sinalado